

27

- ● ● ● ● EXPRESIÓN VERBAL
- ● ● ● ● EXPRESIÓN CORPORAL
- ● ● ● ● CREATIVIDADE
- ● ● ● ● VOCABULARIO
- ● ● ● ● ESCOITA ACTIVA
- ● ● ● ● TRABALLO EN GRUPO
- ● ● ● ● DIFICULTADE

7 ou máis participantes
15 minutos

Cantar. Baile en fila

Desinhibición. Grupo

A PARRULIÑA PACHÍN

MATERIAIS

Non precisa materiais.

ESPAZO

Espazo libre e que permita desprazarse en grupo.

DESCRICIÓN

Fila de persoas anicadas: cadaquén colle a man do de adiante e mais do de atrás, pasando a man por debaixo das pernas.
O cantar leva pasos diferentes ao remate de cada verso.

Que ben, que vén a parruliña, pachín, pachín
(dar pasos grandes cara adiante ao dicir “pachín”).

Que ben, que vén o parrulón, pachón pachón
(dar pasos atrás ao dicir “pachón”).

Que ben, que ben voan os parruliños, pachín, pachín, pachín
(dar pasos adiante pequeniños ao dicir “pachín-pachín-pachín”).

Que ben, que ben cantan esta canción, pachón, pachón, pachón
(dar pasos adiante normais ao dicir “pachón-pachón-pachón”).

